



Concello de Mugardos (A Coruña)

Actividade Corporación e cargos públicos

Procedemento Corporación e cargos públicos

Código SIA 2718383

Asunto Delegación de competencias de Alcaldía nos/as Tenentes de Alcalde

Unidade xestora Secretaría

Expediente 1384/2023

Trámite Decreto.- Decreto de Alcaldía

DECRETO DE ALCALDÍA

Mediante Decreto desta Alcaldía nº 2023-0596 ditado con data 21 de xuño de 2023 procedíase á designación dos concelleiros/as que de conformidade co sinalado no artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime local, pasan a formar parte da Xunta de Goberno Local.

Coa consideración de que no actual contexto socio económico a acción pública debe centrarse máis que nunca nas persoas, intentando modular as grandes políticas globais dende a proximidade que ofrecen os gobernos locais, durante o presente mandato a atención prioritaria desta Alcaldía centrarse nos problemas que aqueixan de forma urxente aos nosos veciños e veciñas, asumindo de forma directa as áreas de Benestar Social, Educación e Igualdade.

De forma compatible e mantendo en todo momento a necesaria coordinación, para garantir un funcionamento áxil do día a día desta entidade, intentando mellorar a súa capacidade de resposta, valórase positivamente restablecer o réxime de concellerías delegadas.

E así, pola presente, en virtude das facultades conferidas polos arts 21 e 23 da Lei 7/1985; 61da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia; artigos 41, 43 e 114 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e artigos 8 e 126 do Regulamento de Organización Municipal do concello de Mugardos e de xeito coordinado e en unidade de acción coa actuación colexiada da Xunta de Goberno Local, **DECRETO:**

Primeiro.- Efectuar unha delegación xenérica das competencias que corresponden a esta Alcaldía segundo a lexislación sobre réxime local e sectorial aplicable que non se atopen dentro das igualmente delegadas á Xunta de Goberno Local con esta mesma data, nas seguintes materias ou servizos e concelleiros/as:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Facenda e Promoción Económica, concelleira Ana M^a Varela Bastida.
- Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, concelleiro José Miguel Mahía Prados.
- Cultura, Deportes e Turismo, concelleira Begoña Roldós Iglesias.
- Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs, concelleiro Jorge Manuel Kuntz Peiteado.

Segundo.- As delegacións xenéricas conferidas axustaranse por materias á definición que das competencias e servizos locais efectúe en cada momento a lexislación sobre réxime local e sectorial aplicable e comprenden as seguintes facultades para as materias ou servizos asignadas a cada un/ha deles/as:

Segundo.- 1º.- Facultades xerais que comprenden as áreas delegadas:

- A atención á veciñanza dentro de cada área de delegación.
- Dirección xeral e xestión da correspondente área e servizos adscritos á mesma, incluíndo a facultade de dictar actos que afecten a terceiros.
- Prestar conformidade ás facturas correspondentes ás propostas de gasto da súa concellería.
- A sinatura das certificacións que se deban emitir respecto das resolucións ditadas nas áreas da presente delegación, así como todos os actos administrativos que sexan precisos.
- Rectificar os erros materiais ou de feito.
- A incoación e resolución dos expedientes sancionadores no ámbito das materias delegadas.
- A iniciativa e impulso da potestade normativa local no ámbito materias delegadas.
- A petición de toda clase de axudas e subvencións cuxo importe non exceda polo seu importe ou actuacións que poda comprender, as competencias que en todo caso corresponden ao Pleno.
- A planificación e xestión do réxime de vacacións, permisos e licenzas dos recursos humanos adscritos a cada área de actuación.
- A responsabilidade dos contratos que se adxudiquen en cada unha das áreas obxecto de delegación.
- O exercicio da actividade subvencional en cada unha das áreas obxecto de delegación.

Segundo.- 2º.- Facultades específicas que comprenden as áreas delegadas:

A) Facenda e Promoción Económica:

- Autorizar a totalidade das propostas de gasto que se realicen polas diferentes concellerías e de alcaldía nas materias non delegadas da súa competencia nos termos e importes que en





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- cada caso marquen anualmente as Bases Xerais de Execución do Orzamento Xeral da Corporación, ata un límite de 10.000,00 euros.
- Sinatura de documentos contables correspondentes co ciclo de gasto.
 - Aprobación de padróns fiscais ou tributarios e as liquidación incluídas neles, e listados cobratorios.
 - Períodos de cobranza e calendario fiscal.
 - As resolucións de compensación de débedas en período voluntario e executivo.
 - Declaración de prescrición de dereitos recoñecidos e declaración de créditos incobrables, que sexan competencia da Alcaldía.
 - A constitución, modificación e cancelación de anticipos de caixa fixa e aprobación das contas presentadas e reposición de fondos.
 - A resolución dos pagamentos a xustificar e a aprobación da conta xustificativa.
 - Aprobar a rendición de contas presentadas por recadación.
 - Adiamento e fraccionamento de débedas.
 - A devolución de ingresos.
 - As modificacións de saldos iniciais que correspondan á Alcaldía.
 - O acordo inicial e a resolución nos procedementos de reintegro de pagamentos indebidos.
 - Devolución de avais e fianzas.
 - Recoñecemento de exencións, bonificacións ou reducións tributarias que podan corresponder en aplicación das leis tributarias ou das ordenanzas fiscais municipais.
 - Aprobación das autoliquidacións de recursos de outros entes (Tesourería da Seguridade Social, AEAT, Xunta...)
 - Efectuar as propostas de normativa fiscal, financeira e orzamentaria.
 - Xestión orzamentaria: proposta e elaboración do orzamento municipal, coa excepción da memoria da Alcaldía, e seguemento do mesmo.
 - Elaboración da proposta ou memoria xustificativa nos expedientes de modificación de créditos e aprobación das modificacións orzamentarias competencia da Alcaldía.
 - O ditado de instrucións ou circulares ás entidades financeiras.
 - Aprobar a liquidación do orzamento.
 - Recoñecemento de compromisos de gastos e recoñecemento de obrigas dentro dos límites da competencia desta Alcaldía e non atribuídos á Xunta de Goberno Local.
 - Sinatura de documentos contables.
 - A ordenación dos pagos.
 - Aprobación das relacións de nóminas dos empregados do Concello e resolución das incidencias e das vinculadas (horas extras, gratificacións, indemnizacións, asistencias, etc) e a ordenación do seu pagamento.
 - Aprobar as nóminas, dietas e indemnizacións dos cargos electos e ordear o seu pagamento.
 - A sinatura nas ordes de transferencia e cheques bancarios (pago material).
 - Potestade sancionadora en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Facultades de contratación que segundo a Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público corresponden á Alcaldía ata o importe económico de 10.000,00 euros.
- A presidencia das Mesas de Contratación permanente nos ámbitos de competencia de Alcaldía, ou de Xunta de Goberno Local cando esta actúe con competencias delegadas igualmente por esta Alcaldía.
- Tramitación e formalización de convenios de colaboración coas entidades locais para o mantemento da actividade das distintas asociacións, co obxecto de canalizar a concesión de subvencións directas.
- A planificación e implementación de políticas activas de emprego local, mellora e inserción no mercado laboral, de propia iniciativa ou en colaboración coas diferentes Administracións Públicas e Organismos delas dependentes así como a petición de fondos asociados.
- Dirixir e planificar políticas de industrialización e reindustrialización do concello e, en xeral, políticas de desenvolvemento e promoción económica.
- Competencia residual: Deléganse neste concelleiro as demais atribucións que a lexislación atribúa expresamente á alcaldía e non estean atribuídas expresamente á Xunta de Goberno Local, nas materias delegadas: xestión orzamentaria, e a autorización, disposición de gastos, recoñecemento de obrigas e gastos e ordenación de pagamentos de toda índole.

B) Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior.

B.1) Urbanismo, Rehabilitación e Mobilidade:

- Impulso e tramitación dos instrumentos de de planificación e xestión urbanística competencia do Pleno e da Xunta de Goberno Local, así como a súa execución.
- Tramitación dos convenios de planeamento e xestión urbanística así como a aprobación dos que non sexan de competencia plenaria.
- As competencias que corresponden ao concello segundo a normativa urbanística aplicable en cada momento corresponden nas seguintes actividades:
 - a) Intervención no exercicio das facultades dominicales relativas ao uso do solo e da edificación.
 - b) Disciplina urbanística.
 - c) Intervención na regulación do mercado do solo nos ámbitos nos atribuídos á competencia do Pleno.
- Actividades sometidas a avaliación da incidencia ambiental, actividades suxeitas a autorización de acordo co art. 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou normativa posterior que a veña a substituír.
- A toma de razón e actuacións que sexan precisas na tramitación das comunicacións previas oudeclaracións responsables, esixidas pola normativa aplicable, para a execución





Concello de Mugardos
(A Coruña)

dunha obra, o exercicio dunha actividade, a prestación dun servizo, a apertura dos establecementos públicos e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas suxeitos á Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

- Emitir os informes municipais nos expedientes de avaliación ambiental de actividades aos que se refire o capítulo II do Título III da Lei 9/2013, ou normativa posterior que a veña a substituír ou modificar.
- O fomento, impulso e implementación das políticas de mobilidade, rehabilitación, renovación e rexeneración urbanas, facultade que inclúe a xestión administrativa das actuacións correspondentes ao programa de Rexeneración e Renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 e do programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do plan estatal de vivenda 2018-2021 e sucesivos que se tramiten coa mesma finalidade.

B.2) Réxime Interior:

En materia de Persoal:

- Aproba-la oferta de emprego público de acordo co Presuposto e a plantilla aprobados polo Pleno, aproba-las bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo
- Aprobar as bases de selección do persoal laboral temporal e/ou funcionarios interinos, así como as bases para a elaboración de listas para a provisión temporal de postos de traballo.
- Contratar ao persoal laboral e nomear persoal funcionario de carreira interino.
- Suspensión de contratos do persoal laboral e comunicar a extinción do contrato, no seu caso, e cesar ao persoal funcionario interino.
- Sinatura certificados de empresa.
- Declaración de situacións administrativas, e xubilación dos empregados públicos.
- Recoñecemento de servizos previos, grao persoal, trienios.
- Concesión de anticipos ao persoal.
- Presidir as mesas de negociación, incluída a xeral de negociación e a comisión de seguimento dos convenios e acordos reguladores.
- Xestión da relación de postos de traballo e do cadro de persoal.
- Formación do persoal.
- Autorizar e recoñecer as retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas (complemento de produtividade e gratificacións; horas extra do persoal laboral...) e as indemnizacións (axudas de custo e gastos de desprazamento).
- A autorización da prolongación da permanencia no servizo activo e a súas prórrogas, do persoal funcionario de carreira.
- O recoñecemento de servizos previos prestados ás Administracións Públicas, grao persoal e trienios.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- O nomeamento do persoal resultante dos procesos de selección de persoal laboral temporal e nomeamentos interinos.
- Subscribir os contratos, e as súas copias básicas, do persoal laboral.
- Outorgar as axudas de socorro de xubilación, gastos de sepelio e axudas de estudo.
- Asinar os certificados de empresa do diverso persoal e, de ser o caso, cargos públicos.
- Ordenar a instrución de expedientes disciplinarios e apercebir a toda clase de persoal.
- A planificación e xestión do réxime de vacacións, permisos e licenzas dos recursos humanos non adscritos a ningunha das áreas delegadas no presente Decreto.
- GES
- En xeral, as demais atribucións da Alcaldía en materia de persoal, agás o nomeamento do persoal eventual; as atribucións indelegables (xefatura de superior de todo o persoal, separación do servizo e despedimento do persoal laboral) e as que teñen sido obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local.

Noutros ámbitos:

- A planificación, dirección e xestión do servizo Grupo de Emerxencias Municipais das que exercerá igualmente as facultades que corresponden en materia de Persoal.
- A instrución de expedientes de responsabilidade patrimonial.
- O exercicio das prerrogativas previstas na normativa en vigor (potestade de investigación, potestade de deslinde, potestade de recuperación de oficio e a potestade de desafuizamento administrativo) en relación ao patrimonio do concello, dentro dos límites de competencia da Alcaldía.
- O exercicio das facultades atribuídas ó alcalde nos procedementos de expropiación forzosa.
- Xestión do Inventario Municipal de Bens.
- O exercicio de accións en defensa dos bens e intereses do concello en todas aquelas competencias que non correspondan ao Pleno.
- Ostentar a representación do concello nas diferentes Xuntas de Propietarios nas que participa en tal condición o concello.
- Benestar animal.

C) Cultura, Deporte e Turismo:

- A programación e planificación dos servizos e actividades da súa área de actuación.
- Promoción da práctica deportiva entre a poboación do concello.
- A xestión administrativa que permita actualización constante do Rexistro de Asociacións.
- Xestión dos locais sociais de participación veciñal e dos equipamentos culturais e deportivos de titularidade municipal.
- Dirixir e xestionar a biblioteca municipal e o fomento do libro e a lectura.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- A tramitación e resolución dos expedientes de outorgamento das autorizacións que corresponda conceder a festas patronais, festas parroquiais e de barrio.
- A convocatoria e tramitación dos expedientes de premios que outorgue o concello.

D) Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs:

- A programación, planificación e xestión dos servizos e actividades da súa área de actuación.
- A xestión da ocupación dos espazos públicos locais, sen prexuízo das competencias que así correspondan ao Pleno.
- Actos de trámite e a concesión da autorización da ocupación da vía pública con instalacións e elementos desmontables e temporais vinculados á execución dunha obra ou o exercicio dunha actividade (andamios, contedores, grúas, terrazas...).
- O outorgamento, autorización, transmisión e declaración de caducidade das licenzas de taxi; a autorización de cambios de vehículos e calquera outro acordo que sexa preciso para a xestión das incidencias que podan xurdir no ámbito desta actividade.
- Servizos de comunicación do Concello, incluídos voz e datos, TIC's (administración electrónica, Portal da Transparencia, etc), e mantemento, seguridade e renovación do parque informático municipal.
- Servizo de protección de datos de carácter persoal (Responsable de Tratamento).
- Servizo de protección dos traballadores fronte aos riscos laborais (prevención, seguridade e saúde laboral), ostentando, en consecuencia, a presidencia do Comité de Seguridade e Saúde.

Terceiro.- O Alcalde conserva as seguintes facultades en relación coas competencias delegadas:

- Recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións emanados a consecuencia da delegación.
- Ser informada previamente da adopción de decisións de transcendencia.
- A posibilidade de avogar, en calquera momento e de conformidade coa lexislación vixente, da competencia delegada.
- Resolver os recursos administrativos de toda clase que no ámbito das competencias delegadas podan ser ditados, que terán en todo caso a consideración de actos ditados polo órgano delegante, así como dos recursos extraordinarios de revisión que podan ser formulados.
- En toda a documentación asinada a partir da efectividade da presente resolución farase constar a autoridade que ten conferido a delegación así como o número de resolución pola que se ten conferido a mesma.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Cuarto.- Desta resolución darase conta ao Pleno paramos efectos establecidos no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, notificarase aos nomeados e procederase á súa publicación no BOP, sen prexuízo do seu carácter executivo desde o día seguinte ó do presente decreto. Lémbrese aos Srs/as Concelleiros/as delegados que a delegación deberá ser aceptada por estes/as.

Quinto.- Dar traslado da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O alcalde,

Para os efectos de fe pública
A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

